

non ingresadas e traslados interhospitalarios do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide, que se iniciará o día 16 de xuño de 2003 con carácter indefinido, logo da audiencia ó comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A convocatoria de folga, que afecta o persoal que presta servicios no centro de traballo de Ferrol da empresa *Servicios Sociosanitarios Generales*, que se iniciará o día 16 de xuño de 2003, con carácter indefinido, enténdese condicionada ó mantemento dos servicios mínimos que se establecen a seguir.

Os servicios mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a necesaria cobertura asistencial respecto ó servicio de ambulancias, para evitar que se produzan graves prexuízos ós usuarios; tendo en conta fundamentalmente que a folga ten incidencia ó longo de toda a xornada laboral e carácter indefinido

Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizalo respecto ineludible ó exercicio do dereito á folga coa adecuada atención ós usuarios do servicio de ambulancias que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas características do servicio dispensado.

Entrado na análise dos criterios da determinación dos servicios mínimos, pódese sinalar que para a fixación destes se tivo en conta a necesidade de manter unha porcentaxe da actividade imprescindible e, como tal, irreductible, para cubri-las necesidades asistenciais da poboación en canto ó servicio de ambulancias.

Os efectivos mínimos que se establecen deben garanti-los servicios mínimos seguintes:

-O 100% dos traslados para a hospitalización urxente desde o hospital a outros centros propios, concertados ou de referencia.

-O 100% dos traslados de pacientes hospitalizados para a realización de probas diagnósticas urxentes, os tratamentos oncolóxicos e os de altas hospitalarias.

Artigo 2º

A determinación dos efectivos necesarios e a designación nominal, con carácter rotatorio, do persoal que deberá cubri-los distintos servicios será feita pola dirección da empresa concesionaria procedendo á súa publicación nos taboleiros de anuncios do centro de traballo afectado.

Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servicios mínimos determinados no anexo serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece ó persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observa-las normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2003.

José M^a Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral.

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da Constitución e unha necesidade para asegura-la pervivencia dos nosos ecosistemas e os seus compoñentes. O artigo 27.30º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva para dictar normas adicionais de protección do medio e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución. O Real decreto 1535/1984 transfire estas funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia.

Ó abeiro destas competencias, foi promulgado o Decreto 82/1989, que regula a figura de Espacio Natural en Réxime de Protección Xeral.

O Real decreto 1997/1995, polo que se establecen medidas para contribuír á garanti-la biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, traspón ó ordenamento xurídico español a Directiva 92/43/CEE do Consello. Este real decreto recolle no seu artigo 3 que cada Estado membro contribuír á constitución dunha rede ecolóxica coherente, denominada Natura 2000, designando lugares e zonas especiais de conservación que garantan o mantemento ou, de se-lo caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos hábitats e hábitats de especie que determina a directiva.

Con data 11 de marzo de 1999, o Consello da Xunta de Galicia acordou remitir unha relación de lugares que constituían a proposta galega para a Rede Europea Natura 2000, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 1997/1995. O Estado español remitiu á Comisión Europea as listas dos Lugares de Importancia Comunitaria propostos polas distintas comunidades autónomas, segundo as rexións bioxeográficas. Como consecuencia da avaliación realizada polos servicios técnicos da Comi-

sión Europea, foi requirida información adicional ou foi solicitada a presentación de novas propostas de lugares ás comunidades autónomas e ós estados pertencentes ás rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea, ámbalas dúas con representación no territorio galego. Con estas modificacións a Unión Europea pretende acadar-la porcentaxe de representación idónea para cada un dos hábitats referido á totalidade do territorio da Unión.

Por este motivo, a Consellería de Medio Ambiente adaptou e revisou a proposta galega de Lugares de Importancia Comunitaria, de acordo coas directrices manifestadas pola comisión.

En consecuencia

DISPOÑO:

Artigo 1º

Inclúese no rexistro, de maneira provisional, a lista de lugares recollida no anexo desta orde cos límites actualmente propostos, declarándoos entremetres como espazos en réxime de protección xeral, de acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 82/1989, do 11 de maio.

Artigo 2º

1. Nestes espazos poderán seguir levándose a cabo, de maneira ordenada, os usos e actividades tradicionais. Calquera outra actividade requirirá informe preceptivo e vinculante da Consellería de Medio Ambiente, que será solicitado polo promotor ou titular das accións, actividades, construcións, proxectos ou obras que se pretenda emprender.

2. Se se prevé que se poidan derivar efectos negativos das accións que se vaian realizar, a Consellería de Medio Ambiente poderá esixir un informe de avaliación ambiental delas para evita-la deterioración dos valores que determinaron a inclusión destes espazos no rexistro xeral, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 4/1989, do 24 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre.

Artigo 3º

Aquelas áreas destes espazos que gozasen xa dun réxime de protección específico manterano.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2003.

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO

Nome	Municipio	Superficie (ha)	Data
Os Ancares-O Courel	Becerreá Cervantes Folgo do Courel O Incio Navia de Suarna As Nogais Pedrafita do Cebreiro A Pobra do Brollón Quiroga Samos Triacastela Ribas de Sil	102.685	2001

Nome	Municipio	Superficie (ha)	Data
A Baixa Limia	Bande Calvos de Randín Entrimo Lobeira Lobios Muíños Padrenda Quintela de Leirado Verea	34.248	2001
O Baixo Miño	A Guarda O Rosal Salvaterra de Miño Tomíño Tui As Neves Arbo Crecente A Cañiza Padrenda	2.792	2001
Betanzos- Mandeo	Aranga Bergondo Betanzos Irixoa Miño Pademe Oza dos Ríos Coirós	865	2001
Bidueiral de Montederramo	Montederramo Vilar de Barrio	1.949	2001
Brañas de Xestoso	A Estrada Forcarei Silleda	1.080	2001
Cabo Udra	Bueu Cangas	623	2001
Canón do Sil	Pantón Sober Nogueira de Ramuín Parada de Sil	5.961	2001
Carballido	A Fonsagrada A Pontenova Ribeira de Piquín	4.634	2001
Carnota- Monte Pindo	Carnota Mazaricos Cee Dumbría	4.629	2001
As Catedrais	Barreiros Ribadeo	304	2001
Complexo Húmido de Corrubedo	Porto do Son Ribeira	9.302	2001
Complexo Ons-O Grove	Bueu Cambados O Grove A Illa de Arousa Meaño Sanxenxo Ribadumia	7.490	2001
Costa Ártabra	Cariño Cedeira Ferrol Narón Valdoviño Ortigueira Ares Mugardos	7.659	2001
Costa da Morte	Arteixo Cabana de Bergantiños Camarinas Carballo Cee Fisterra A Laracha Laxe Malpica de Bergantiños Muxía Ponteceso Vimianzo	11.885	2001
Costa da Vela	Cangas	1.385	2001
Costa de Dexo	Oleiros	350	2001
Cruzul-Agieira	Becerreá As Nogais	618	2001
Encoro de Abegondo-Cecebre	Cambre Abegondo Betanzos Carral Oza dos Ríos	529	

Nome	Municipio	Superficie (ha)	Data
Enseada de San Simón	Redondela Soutomaior Vilaboia Moaña Pontevedra	2.252	2001
Estaca de Bares	Mañón Ortigueira	926	2001
Esteiro do Tambre	Brión Negreira Noia Outes Porto do Son	1.583	2001
Fragas do Eume	Cabanas A Capela As Pontes de García Rodríguez Pontedeume Monfero	917	
Gándaras de Budiño	O Porriño Salceda de Caselas Tui	839	2001
Illas Cíes	Vigo	990	2001
Illas Estelas	Nigrán	713	2001
Macizo Central	O Bolo Chandrexa de Queixa Laza Manzaneda A Pobra de Trives Viana do Bolo Vilariño de Conso Quiroga Larouco Montederramo	45.196	2001
A Marronda	Baleira A Fonsagrada	1.212	2001
Monte e lagoa de Louro	Carnota Muros	1.161	2001
Monte Faro	Carballedo Chantada Rodeiro	3.002	2001
Monte Maior	Viveiro Xove	1.243	2001
Negueira	Negueira de Muñiz	4.512	2001
Ortigueira-Mera	Cariño Cerdido Ortigueira As Pontes de García Rodríguez As Somozas	3.795	2001
Parga-Ladra-Támoga	Begonte Cospeito Guitiriz Outeiro de Rei Rábade Vilalba Xermade Abadín Castro de Rei Lugo Friol	5.009	2001
Pena Maseira	A Gudiña A Mezquita	5.854	2001
Pena Trevinca	Carballeda de Valdeorras A Veiga Viana do Bolo Manzaneda O Bolo	24.860	2001
Pena Veidosa	San Cristovo de Cea Carballedo	2.355	2001
A Ramallosa	Baiona Nigrán	92	2001
Ría de Foz-Masma	Barreiros Foz Lourenzá Mondoñedo	575	2001
Río Anllóns	Cabana de Bergantiños Ponteceso Coristanco Carballo	42	2001
Río Cabe	Bóveda O Incio A Pobra de Brollón Monforte de Lemos Pantón Sober	1.577	2001

Nome	Municipio	Superficie (ha)	Data
Río Eo	A Fonsagrada A Pontenova Ribadeo Ribeira de Piquín Trabada Riotorto Meira	774	2001
Río Landro	Ouro Viveiro	89	2001
Río Lézez	Pontevedra Campo Lameiro Cotobade	19	2001
Río Ouro	Alfoz Foz O Valadouro	72	2001
Río Tambre	Tordoia Ordes Mesía Trazo Oroso Frades Santiago de Compostela O Pino	152	2001
Río Támega	Castro do Val Laza Monterrei Verín Oímbra	719	2001
Río Tea	O Covelo Fornelos de Montes Mondariz Mondariz-Balneario Ponteareas Salvaterra de Miño	97	2001
Xubia-Castro	A Capela Moeche Narón Neda San Sadurniño As Somozas As Pontes de García Rodríguez	1.986	2001
Serra da Enciña da Lastra	Rubiá	1.723	2001
Serra do Candán	Forcarei Lalín Silleda Beariz O Irixo	10.683	2001
Serra do Cando	Cerdedo Cotobade Forcarei A Lama Beariz	5.402	2001
Serra do Careón	Melide Santiso Toques Friol Palas de Rei	6.568	2001
Serra do Xistral	As Pontes de García Rodríguez Abadín Alfoz Mondoñedo Muras Ouro O Valadouro Vilalba Xermade Xove Viveiro Cervo	22.964	2001
Sistema fluvial Ulla-Deza	Catoira A Estrada Pontecesures Silleda Valga Vila de Cruces Boqueixón Dodro Padrón Rianxo Teo Touro Vedra Brión Roís Ames	1.633	2001
Sobreirais do Arnego	Agolada Lalín Vila de Cruces	1.081	2001
Veiga de Ponteliñares	Porqueira Rairiz de Veiga	130	2001
Total		359.559	





